


# EXCURSIÓN: GALICIA HISTÓRICA

-Lugo-Palas de Rei-Domingo 17 de marzo

- **Catedral de Sta María de Lugo**



A Catedral de Lugo actual é unha catedral románica ,a construción iniciouse en 1129 e finalizou en 1273. Foi deseñada polo maestro Raimundo de Monforte e dedicada a Santa María, chamada Virxe dos Ollos Grandes. Unha das suas xoias artísticas é o retablo renacentista que estaba no altar maior, obra de Cornelis de Holanda, e que se parteu como consecuencia do terremoto de Lisboa de 1755. Tras isto decidiuse dividilo en varios fragmentos, os dous maiores atópanse actualmente en ambos extremos da nave de crucero.



- **Museo provincial de Lugo**

O Museo Provincial de Lugo é creado en 1932, e instalouse en 1957 nas dependencias do antigo convento de San Francisco de Lugo ,o Museo conta actualmente cunha superficie aproximada de 5000 m2 dedicados a exposiciónes e outros 100 que albergan arquivo, a biblioteca, as oficinas e zonas de uso interno. Un total de 32 salas ocupadas polas distintas coleccións do Museo están distribuídas polas tres prantas coas que conta o edificio actual.

## **XANTAR concertado no “Mesón Abel”**

**Fabada**

**Churrasco**

**Flan (Pan, auga, viño e café)**

- **Castelo de Pambre**



O **castelo de Pambre** é unha fortaleza sita en Palas de Rei, álzase a 44 m de altitude nun penedo á beira do río Pambre, na parroquia de Pambre.O castelo é unha das mellores mostras da arquitectura medieval militar que existe en Galicia, e das poucas que quedaron en pé trala revolta irmandiña. Atópase en bo estado de conservación. A capela románica contida nas súas murallas é anterior á súa construción e foi durante séculos igrexa parroquial de Pambre baixo a advocación de San Pedro, patrón da parroquia de Pambre.

- **Igrexa “Vilar de Donas”**



A **igrexa de Vilar de Donas** é un templo de culto católico, sito na localidade de Palas de Rei polo que transita o Camiño Francés a Santiago. É unha construción de metade do século XII, orixinalmente como unha igrexa monástica. Esta igrexa está considerada como un Bien de Interese Cultural dentro do catálogo de monumentos do patrimonio histórico de España.

**Prezo: 28€ (todo incluído)**

(transporte+guia+seguro+xantar+entradas)

### **PROXIMAS EXCURSIÓN:**

- **“Termas de Monçao” (Vilanova,Valença,Monçao) – Sábado 23,24 de marzo**

Inscripcións dende o **martes 5 de marzo**

- **“Galicia celta” (Baiona,A Guarda)-Domingo 21 de abril**

Inscripcións dende o **xoves 4 de abril**